
ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES
(O PRONOME *CHE* E A CANTIGA B 1584 /
V 1116 DE AFONSO EANES DO COTON)*

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

OERRO FORMA PARTE intrínseca da copia. É este un principio ben coñecido dos editores en xeral, e dos editores da lírica profana galego-portuguesa, en particular, polo feito de a maior parte do corpus ser transmitida polas copias manuscritas elaboradas en Italia por copistas alleos á lingua e á tradición galego-portuguesa.

Ao longo de máis de cen anos de investigación sobre as cantigas que conforman o corpus trobadoresco galego-portugués, os textos poéticos foron editados e estudados con fortuna desigual. E a pesar de tantas décadas de traballo ecdótico, aínda fican numerosos *loci critici* sen resolver, normalmente provocados por unha transmisión anómala dos textos a partir dos apógrafos quiñentistas italianos do Cancioneiro da Biblioteca Nacional e mais do Cancioneiro da Vaticana (fronte ao Cancioneiro da Ajuda, que levanta moitos menos problemas editoriais).

Así pois, neste ámbito de traballo, véñse laborando con intensidade desde hai ben anos á procura dun texto máis apurado, onde se deben determinar erros banais, por frecuentes e repetidos, que se achan decote nos manuscritos (<u>/<n>, <m>/<in>/<ni>/<iu>/<ui>, <c>/<t> etc. etc.), fronte a outros menos evidentes, mais non por iso menos importantes, xa que, inevitabelmente, condicionan lecturas e, por tanto, interpretacións de múltiples pasaxes conflituosas para a comprensión dos textos e as propias formas lingüísticas do corpus.

No presente relatorio queremos centrar a nosa atención nun erro que detectamos ao longo de BV e que nunca mereceu atención especial por parte dos editores. Trátase da confusión <ch>/<m>, de consecuencias alargadas como veremos, porque, cando menos,

* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación FFI2009-08917, subsidiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación.

permitirá, na nosa opinión, fixar con relativa certeza un texto importante; e para alén dunha interpretación textual máis acaída, a revisión e relectura doutras pasaxes problemáticas dótase de grande importancia para o estudo da forma pronominal *che/chi*, que, sendo minoritaria nos textos trobadorescos, se reviste dunha especial transcendencia por canto é a proba dun uso explicitamente literario dunha forma desaparecida en portugués moderno, mais plenamente viva e activa na lingua galega actual.

Até onde nós chegamos, só Monaci, na súa transcrición paleográfica do Cancioneiro da Vaticana, avanzou unha sistematización moi sumaria de erros de copia na «Tavola dei principali errori che si osservano nella scrittura del codice» (Monaci, 1875: XXV-XXX). Mais o estudo global e exhaustivo do corpus a partir dos testemuños manuscritos conservados revela e confirma que algúns lapsos dos copistas se producen en todo tipo de manuscritos e de textos, para alén dos detectados en V.

Efectivamente, Monaci no *Appendice II* da súa edición paleográfica de V tenta sistematizar os erros detectados na copia apógrafa, fronte aos moi diversos editores da lírica profana galego-portuguesa, que xustifican as súas leccións e, eventualmente, emendas, con alusións esporádicas ao erro que abordamos neste traballo. Concretamente, no que di respecto á confusión que tratamos, o erudito italiano unicamente anota o seguinte: «ch *per* m: chana (Maria) 26. 7; cheu (meu) 782. 9; chompisler (Mom.) 1116. 5» (Monaci, 1875: XXV). Vexamos os textos¹:

1. Na cantiga 383, de Afonso Sanchez, un texto certamente estragado na transmisión manuscrita, que conta con diversas edicións, todas elas coinciden en corrixir o erro apuntado por Monaci, agás a de Arbor Aldea (2001: 220-236), que tenta xustificar unha hipotética forma *Charia*, en lugar de *Maria*:

383 / 9,2 AfSchz [B415/V26], v. 7 <charia> B, <chana> V:

Vedes camanha perfia
e cousa tan desguisada:
des que ora foi casada,
chaman-lhe Dona **Maria**

2. O segundo erro sinalado, nunha cantiga de Juião Bolseiro, non presenta ningún problema para a súa consideración, pois é localizado na segunda e terceira aparición do refrán (con lección errada en V e correcta en B), fronte á acertada lección dos dous manuscritos no primeiro refrán:

1193 / 85,5 JuBol [B1176/V782], r1 (I: <meu> BV; II-III: <meu> B, <cheu>V):

Aquestas noites tan longas que Deus fez en grave dia
por min, porque as non dórmió, e por que as non fazia
*no tempo que meu amigo
soia falar comigo?*

1. Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (acompañada da coñecida numeración de Tavani), coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (2001: 55-101). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontañá (2007).

Canto á lectura dos manuscritos, utilizamos as edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda*. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Edições Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

3. A terceira documentación do erro apuntada por Monaci prodúcese nos dous cancioneros italianos nunha cantiga de Afonso Eanes do Coton:

1594 / 2,15 AfEaCot [B1584/V1116], v. 5 <chon pis ler> BV:

mais vejo-lhi capelo d' Ultramar
e trage livros ben de **Mompisler**

Porén, a revisión sistemática do corpus trobadoresco galego-portugués en confronto cos manuscritos revela a presenza de bastantes máis erros do mesmo tipo, algúns deles no Cancioneiro da Biblioteca Nacional, que non é obxecto do estudo do erudito italiano.

Os dous primeiros, prodúcense en textos transmitidos só por B, coa particularidade de se localizaren no refrán, que presenta o erro na súa primeira aparición, fronte ás seguintes documentacións correctas:

451 / 18,2 Alf X [B456], r1 (I: <chuyto> vs. II: <muyto> B):

*Muito me tarda
o meu amigo na Guarda*

455 (18,24 Alf X [B460], r1 (I: <chilia> vs. II-III: <Milia> B)

*Milia nen Sancha Fernandiz, que muit' amo.
Antolha-xe-me riso, pertigue[i]r', e chamo
Milia nen Sancha Fernandiz, que muit' amo*

A seguinte documentación do erro é compartida por BV, tamén nunha cantiga de escarnio de Afonso X:

479 / 18,21 Alf X [B481/V64], v. 13 <chari> BV:

A Maior Moniz dei ja outra tamanha,
e foi-a ela colher logo sen sanha;
e **Mari'** Airas feze-o logo outro tal,
e Alvela, que andou en Portugal

De novo, nunha outra pasaxe, V presenta agora a lección correcta fronte a B, que rexistra máis outra confusión <ch>/<m>:

927 / 59,1 GomGar [B924/V512], v. 4 <che> B, <me> V:

A vos[s]a medida, senhor,
aguardei mal dia por mí,
ca desmesura des ali
me faz cada dia peior

Na penúltima pasaxe localizada, B e V comparten a confusión, aínda que en B o copista tivo un outro lapso de copia presentando <t> en lugar de <c>, con esquecemento de <h>:

1472 (64,7 JBav [B1453/V1063], v. 4 <touros> B, <chouros> V:

se vos con **mouros** lid' acaecer,
sofrede-os, ca todos vos ferran

A derradeira documentación do erro que rexistramos é certamente interesante por canto mostra a confusión inversa en V (<m>/<ch>), xunto co mesmo lapso de B da cantiga anterior, neste caso sen confusión <c>/<t>:

949 / 63,81 JAi [B946/V534], v. 8 <acaria> B, <amaria> V:

...; eu muitas veces provei
se **acharia** de tal parecer
algũa dona, senhor, u andei

Ora ben, a situación é certamente máis complexa por canto existe outro conxunto de lapsos dos copistas que se debe relacionar directamente coa confusión <ch>/<m> (e <m>/<ch>): é aquela que produce a aparición do erro <m>/<qu>, por un proceso aínda máis complicado. Nos apógrafos quiñentistas (especialmente en V, aínda que non advertido por Monaci) percíbese esporadicamente o lapso <ch>/<qu>, sen dúbida inducido pola naturalidade italiana dalgúns dos copistas:

497 / 25,125 Den [B499/V82], v. 2 <que> B, <che> V:

Se oj' en vós á nen un mal, senhor,
mal mi venha d' aquel **que** pod' e val

625 / 118,6 PedPort [B609/V211], v. 3 ø B, <che> V:

[e] oj' aquel **que** o rogar quiser
por sí o rog' e leix' a min pas[s]ar
as[s]i meu tempo, ...

640 / 124,2 POrn [B625/V226], v. 2 <que> B, <che> V:

Nostro Senhor, e ora que sera
d' aquel **que** sempre coitado viveo?

1473 / 64,28 JBav [B1454/V1064], v. 12 <a que> B, <achi> V:

e entanto verra da Judaria
aquele judeu con que ei baratado
e un mouro, que á '**qui** de chegar,
con que ei outrossi de baratar

1548 / 56,15 GilPrzCo [B1529], v. 12 <che> B:

Non a desamo nen amo eu:
ela por **que** mi á desamor?

1679 / 116,37 PAmigo [V1201], v. 18 <achi> V:

e non quer ja por parente colher
un seu sobrinho que **aqui** chegou

Se poñemos en relación as confusións <ch>/<m> e <ch>/<qu>, sen dúbida debemos concluír que a este mesmo grupo pertencen as confusións <m>/<qu> de BV, a través da cadea de equivalencia <qu> → <ch> → <m>:

944 / 150,6 SanSchz [B941/V529], v. 2 <me> B, <que> V:

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

Muit' atendi eu ben da mia senhor,
e ela nunca [ben] **me** quis fazer

1093 / 33,6 EstFdzElv [B1091/V682], v. 3 <que>B, <me> V:

O meu amigo, que por min o sên
perdeu, ai madre, tornad' é sandeu,
e, pois Deus quis **que** inda non morreu²
e a vós pesa de lh' eu querer ben,
que me quera ja mal: mal me farei
parecer e desensandece-l'-ei.

1233 / 116,34 PAmigo [B1217/V822], v. 7 <che> B, <me> V:

Por**que** lhi dixi que nunca veer
me poderia, quis por én morrer

1666 / 120,4 PPon [B1654/V1188], v. 5 <me> B, <que> V:

mais manda-lhis filhar raçon
da cachaça, e dar-lhis-á
do al **que** na cozinh' ouver

Estabelecida a situación, isto permítenos suxerir unha hipotética solución para dous primeiros pasos conflictivos no noso corpus lírico. O primeiro deles, nunha cantiga de Joan Servando, só transmitida por V, presenta un comezo realmente estragado que debemos interpretar con certa imaxinación tendo en conta o contexto da cantiga. A lección do manuscrito para os vv. 1-2 é a seguinte:

<De quanto gen no mundo que
mo aquen in fanzon nõ aoſsen del
auer>

A edición da vulgata, tirada do texto establecido por Lapa (Brea, 1996: 500), non semella convincente, para alén de ficar hipométrico o v. 1:

1441 / 77,6 JServ [V1031], vv. 1-2:

De quant' oj' eu no mundo temia
d' infançon, que non á sên, d' el aven

Temos para nós que *temia*, forma que o sentido e a rima *-ia* semellan solicitar, debe ser lida a partir de <mo / a>, sen necesidade de expunxir o elemento <que> que interpretamos, en liña coas confusións antes expostas, como erro por *me*, de xeito que a lección que propomos procura unha maior fidelidade á lección de V:

De quant' oj' eu no mundo **me** [te]mia
que infançon non á sên, d' el aven,
ca lhi pedi os panos que tragia,
e disse-m' el o que teve por ben

2. A solución de Cohen (2003: 346) para este verso é diferente: *e, pois Deus quis que me inda non morreu.*

Na segunda pasaxe problemática, nunha cantiga de Joan Soarez Coelho arredor do cabelo de Don Alvela, tamén unicamente transmitida en V, esta serie de confusións podería achegar solución para o v. 30, que no manuscrito presenta a inintelixíbel lección <e fisus son mã9>. A “imaxinativa” solución de Lapa (Brea, 1996: 540) afástase alargadamente da lección de V, modificando asemade o v. 31:
1435 / 79,35 JSrzCoe [V1025], vv. 29-32:

Messa os cãos
e **fiquen os sãos**,
e non **ch'** é mester
panos louçãos

Tendo en conta os erros presentes nos copistas dos cancioneiros italianos, propomos provisoriamente outra versión³ que procura un maior respecto á letra do manuscrito e unha interpretación acaída para a pasaxe en cuestión:

Messa os cãos
e **lisos son chãos**,
e non **ch'** á mester
panos louçãos

No entanto, queremos centrar fundamentalmente o noso relatorio nun texto, certamente importante, cuxa edición, desde os primeiros textos, é coincidente en todos os editores nos seus aspectos fundamentais. Trátase dunha cantiga escarniña de Afonso Eanes do Coton, por volta do lesbianismo de Maria Mateu, que conta con diversas edicións. Vexamos a clásica de Rodrigues Lapa (1970: 74), incorporada á vulgata (Brea, 1996: 78):
1593 / 2,13 AfEaCot [B1583/V1115]

Mari' Mateu, ir-me quer' eu d' aquen,
porque non poss' ùu cono baratar;
alguen que mi o daria nõno ten,
e algũ[a] que o ten non mi o quer dar.
Mari' Mateu, Mari' Mateu,
tan desejosa **ch'** és de cono com' eu!

E foi Deus já de conos avondar
aqui outros, que o non an mester,
e ar feze-os muito desejar
a min e ti, pero que **ch'** és molher.
Mari' Mateu, Mari' Mateu,
tan desejosa **ch'** és de cono com' eu!

Absolutamente todos os editores, anteriores (e posteriores) á magna edición do cancionero satírico de Manuel Rodrigues Lapa, coinciden basicamente coa versión do grande editor portugués, e moi especialmente na presenza do pronome *che* no segundo verso do

3. Angela Correia no XIII Congreso da AHLM (Valladolid, 2009), aínda sen publicar, propuxo unha solución diferente.

refrán e mais no v. 10 (Braga, 1878: 213; Machado, 1949-64, VII: 288; Gaspar Porras, 1995: 77-78⁴; Videira Lopes, 2002: 94).

No entanto, calquera lector atento do texto, observará a anomalía dese pronome *che*, aparente precursor do moderno *che* galego de solidariedade (*vid.* Freixeiro Mato, 2006: 138-144). Estudemos, pois, a presenza e a función dos derivados do lat. TE acusativo de TU, que, como é sabido, cumpren noutras linguas románicas, a dupla función de O.D. e O.I. No corpus trobadoresco galego-portugués, achamos *te/ti* coa esperada función de complemento directo (incluímos tamén os verbos reflexivos e pronominais) nas seguintes pasaxes⁵: 115 / 97,2 MartSrz/115,1 [B144], v 28:

«Confunda Deus quen te deu esse don
nen quen te fezo jôgrar ne[n] segrer»

371 / 101,5 MenRdzTen/JuBols [B403^{bis}/V14], vv. 5, 19, 29, 30:

..., e chamar-te rapaz
mui mao; ...
...
des i quer[r]ei-te muitos couces dar
na ga[r]ganta por te ferir peor
...
-Juião, pois que t[e] eu filhar
pelos cabelos e que t' arrastrar,
que dos couces te pes e[u] creerei

443 / 157,3 Anón [A278], v. 10:

non cha direi eu, ca o dirias
e perder-t'-ias por én comigo

1176 / 145,4 RoiMrzCa [B1163/V766], v. 9:

que te non quiseste partir de min
atá que veo meu lum' e meu ben
e meu amigo, ...

1310 / 38,1 FerEsq [B1294] <N260>), vv. 2, 13, 19:

Amor, a ti me ven[h]' ora queixar
de mia senhor, que te faz enviar
cada u d'ormio sempre m' espertar

Amor, castiga-te d' esto por én
que me non tolhas meu sono por quen
me quis matar ...

Amor, castiga-te d' esto, ...

4. Esta edición presenta unha nota aclaratoria: «6. *ch'es*: *che* + *es*. O pronome, que non é necesario, aparece simplemente como reforzo (o mesmo que no verso 10)».

5. Obviamente, os descendentes de TE só poden aparecer en textos con apelo directo á segunda persoa verbal, feito que explica a escaseza de documentación.

1326 / 30,28 EstGuar [B1309/V914], vv. 1, 5, 17:

Pois que **te** preças d' aver s'en comprido
en trobar ben e en bõa razon,
non faz mester a ti, Fernan Chancon,
d' ir entençar come torpe avurrido
nen **te** loares come quen s' engana

Non entendas que fazes i cordura
d' ires as[s]i come torpe entençar
atreveno-**t'** e que sabes trobar

1337 / 30,16 EstGuar [B1320/V925], v. 13:

«Se non perfias, eu **te** maldirei,
que sejas sempre maldito e confuso»

1353 / 46,3 FerPaTam [B1335/V942], vv. 3, 5, 11:

que sen pan **t'** iras d' aqui,
ca desmesura pedes;
como vêes, vai-**t'** assi
...
u fores recear-**t'**-an,
pois tu per saco medes

1357 / 87,10 LoLias [B1340/V947], vv. 13, 19:

Ben **t'** ajudaran d' Orzelhon
quantos trobadores i son
a escarnir o infançon
...
..., e vai-**te** d' aqui
u for Lopo Lias ...

1363 / 87,18 LoLias [B1346/V953], vv. 1, r1, 8:

Sela aleivosa, en mao dia **te** vi,
por teu cantar ja Rodrigo perdi
...
leixar-te quero, mia sela, por én
...
e por ende **te** quero [ja] leixar

1383 / 97,13 MartSrz [B1365/V973], v. 6:

des i ar filhas-**t'** a cantar,
e estes nojos quatro son

1420 / 75,10 JPrzAv/Lour [V1010], vv. 4, 5, 19, 21:

e vejo-**te** de trobar trameter
e quero-**t'** eu d' esto desenganar
...

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

e por aquesto **te** desenganei
...
quita-**te** sempre do que teu non for!

1442 / 88,14 Lour/ RoEaRed [V1032], vv. 9, 10, 24, 25, 33:

–Lourenço, tu fazes i teu prazer
en **te** queres tan muito loar,
ca nunca **te** vimos fazer cantar
que ch' eu queira nen no Demo dizer
...
e vejo-**te** [de] trobares cousir
e loar-**te**; ...
...
e vejo-**t'** ora mui gran loador
de pouco sé[n], [e] non cho creerei

1445 / 88,7 Lour/JVqzTal [V1035], v. 13:

se **te** deitan por én de Portugal,
ou mataste omen ou roubaste aver?

1513 / 70,28 JGarGuilh [B1493/V1104], vv. 3, 4, 15:

des i ar filhas-**te** log' a trobar
e tees-**t'** ora ja por trobador
...
–Lourenço, vejo-**t'** agora queixar
pola verdade que quero dizer

1514 / 70,33 JGarGuilh [B1494/V1105], vv. 1, 5, 29:

–Muito **te** vejo, Lourenço, queixar
pola cevada e polo beber
...
pois que **t'** agora citolar oi,
e cantar, mando que to den assi
ben como o tu sabes merecer
...
–Pois, Lourenço, cala-**t'** e calar-m'-ei
e toda via tigo mi-o averei

1515 / 70,29 JGarGuilh [B1495/V1106], vv. 1, 9, 24:

Lourenço, pois **te** quitas de rascar
e desemparas o teu citolon
...
...: cada que **te** vi
rascar no cep' e tanger non dormi
...
mais, pois **t'** én quitas tu, D[e]us **ti** perdon

1629 / 2,14 AfEaCot? [B1617/V1150], v. 11:

tapo-t' ao primeiro sono
da mia pissa o teu cono

1670 / 116,10 PAmigo [B1658/V1192], v. 8:

..., assi Deus **ti** perdon

1677 / 116,15 PAmigo [V1199], vv. 7, 16, 17, 20:

Pero d' Ambroa sei eu ca foi i,
mais queres-te-lhi tu mal assacar
...
Marinha Mejouchi, muitas vegadas
Pero d' Ambrõa achou-t' en[de] mal;
mais, se **te** colhe de logar atal,
com' andas tu assi pelas pousadas,
Marinha Mejouchi, á mui gran sazon,
Pero d' Ambrõa, se **t'** achar enton,
gran med' ei que ti querra fazer mal

A carón da normal función de O.D., achamos tamén bastantes documentacións de *te* / *ti* como O.I., ao longo do corpus trobadoresco galego-portugués, tanto isoladamente como aglutinado con formas de O.D. (*to*, *ta...*):

115 / 97,2 MartSrz/115,1 [B144], v 27:

«Confunda Deus quen **te** deu esse don
nen quen te fezo jogar ne[n] segrer»

371 / 101,5 MenRdzTen/JuBols [B403^{bis}/V14], vv. 3, 16, 17, 18, 31:

e quer[r]ei-te na primeira razon
ũa punhada mui grande poer
eno rostr[o], ...
...
..., direi-t' ora o que **te** farei:
ũa punhada grande **te** darei;
des i quer[r]ei-te muitos couces dar
na ga[r]ganta por te ferir peor
...
-Juião, pois que **t[e]** eu filhar
pelos cabelos e que t' arrastrar,
que dos couces **te** pes e[u] creerei

517 / 25,129 Den [B519/V102], vv. 6, 19:

«Par Deus, vi-t' en grave dia,
ai amor!»
...
«Mal **ti** venha per u fores,
ca non es senon mia morte,
ai amor!»

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

1175 / 145,8 RoiMrzCa [B1162/V765], vv. 1, 4:

Rogo-te, ai Amor, que queiras migo morar
tod' es[te] tempo enquanto vai andar
a Granada meu amigo.

Rogo-te, ai Amor, que queiras migo seer
tod' este tempo enquanto vai viver
a Granada meu amigo.

1176 / 145,4 RoiMrzCa [B1163/V766], v. 1:

Muit' ei, ai Amor, que te agradecer
porque quiseste comigo morar

1197 / 85,11 JuBols/ JSrzCoe [B1181/V786], v. 11:

..., mais direi-t' o que vi: / ...

1310 / 38,1 FerEsq [B1294], v. 7:

Este queixume te venh' or dizer: / ...

1325 / 30,29 EstGuar [B1308/V913], vv. 8, 9:

Pois con muitos á baralha
por te juntar prol sen falha,
di, doutor, si Deus ti valha,
se lhe cuidas dar merenda

1420 / 75,10 JPrzAv/88,9 [V1010], v. 3:

-Lourenço, soias tu guarecer
como podias, per teu citolon,
ou ben ou mal, non ti dig' eu de non

1428 / 79,32 JSrzCoe [V1018], vv. 5, 13, 17:

por end' o don que t' ei dado
quer' ora de ti levar
...
Non ti baralh' eu mercado
nen queria baralhar
...
non mi-as dás, como t' ei contado,
er pensa de mi contar

1432 / 79,47 JSrzCoe/88,12 [V1022], v. 15:

-Pero Lourenço, pero t' eu oia
tençon desigual e que non rimava, / ...

1435 / 79,35 JSrzCoe [V1025], vv. 3, 17, 38:

Martin Alvelo,
d' esse teu cabelo

MANUEL FERREIRO

ti falarei ja: / ...
...
E das trincheiras
e das transmoleiras
ti quero dizer: / ...
...
a esta barata
que **t'** ora disser: / ...

1513 / 70,28 JGarGuilh [B1493/V1104], vv. 5, 19:

e por tod' esto ãa ren **ti** direi: / ...
...
e teus mesteres conhocer-**tos-ei**,
e dos mesteres verdade direi: / ...

1514 / 70,33 JGarGuilh [B1494/V1105], vv. 3, 4, 6, 16, 19:

–Muito te vejo, Lourenço, queixar
pola cevada e polo beber,
que **to** non mando dar a teu prazer;
mais eu **to** quero fazer melhorar:
pois que **t'** agora citolar oi,
e cantar, mando que **to** den assi
ben como o tu sabes merecer.
...
–Lourenço, a min grave non sera
de **te** pagar tanto que mi quiser,
pois ante mí fezisti teu mester;
mui ben entendo e ben vejo ja
como **te** pagu', e logo o mandarei
pagar a [un] gran vilão que ei
se un bon pao na mão tever.

1515 / 70,29 JGarGuilh [B1495/V1106], vv. 3, 17, 19:

rogo-**te** que nunca digas meu son
...
..., farei-**t'** eu sempr' amor,
e tenho que farei mui gran razon;
e direi-**t'** i qual amor **t'** eu farei: / ...

1520 / 70,38 JGarGuilh [B1501], vv. 9, 10:

E se eu fosse u foron escançadas
aquestas novas de que **ti** falei,
Lourenço, gran verdade **ti** direi: / ...

1587 / 126,14 PGarAm [B1577], vv. 11, 15, 16, 19:

e diz: «Amigo, esto **t'** é mester: / ...
...
e aqeste mal, que **te** tanto dura,
ora **to** quero eu mui ben departir: / ...

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

....
E outra ren **te** direi, meu irmão: / ...

1670 / 116,10 PAmigo [B1658/V1192], vv. 2, 4, 8, 12, 13:

Elvir', a capa velha dest' aqui
que **ti** vendess' un judeu corretor,
e ficou contig' outra mui peor,
Elvir', a capa velha, que **t'** eu vi
...
Porque **te** fiqu', assi Deus ti perdon,
a capa velh', Elvira, ...
...
Elvira, nunca **ti** capa daran,
ca ficas, d' estas capas que **ti** dan,
con as máis usadas no cabeçon

1677 / 116,15 PAmigo [V1199] <L317>), v, 21:

Pero d' Ambrõa, se t' achar enton,
gran med' ei que **ti** querra fazer mal

Porén, como era de esperar, ao longo da dilatada produción trobadoresca, xa comeza a aparecer a forma *che~chi*, como evolución por fonética sintáctica de *te* en determinados contextos (*vid.* Ferreiro, 1999: 248-49), especializada para a función de complemento indirecto⁶. Nótese, ademais, como certamente é máis frecuente a aparición de *che* nos conglomerados con O.D. do que a variante *te*, de que só se documentan *to* e *tos* en tres cantigas: 443 / 157,3 Anón [A278], vv. 4, 9:

[A] máis fremosa de quantas vejo
en Santaren, e que máis desejo
e en que sempre cuidando sejo,
non **cha** direi, mais direi-**ch'**, amigo: / ...
...
non **cha** direi eu, ca o dirias
e perder-t'-ias por én comigo: / ...

482 / 18,20 Alf X [B484/V67], v. 31:

E por én, ai Jesu Cristo, Sen[h]or,
en juizo, quando ante ti for,
nembre-**ch'** esto que por ti padeci!"

1353 / 46,3 FerPaTam [B1335/V942], v. 9:

sac' é [e] non **cho** daran,
ca desmesura pedes

6. Unha exploración no TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega) mostra como a aparición de *che* no conxunto da produción prosística, pola presenza de textos máis serodios, do século XV, é superior (c. 28%) á do seu uso nas cantigas trobadorescas (c. 21%) e nas *Cantigas de Santa Maria* (c. 19%) <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.

1383 / 97,13 MartSrz [B1365/V973], vv. 4, 13:

pero dous nojos per razon
tenh' eu de **chos** omen sofrer
...
...; mais non é sazón
de **chos** querer omen sofrer,
ca irás un día cantar
u **cho** farán todo quebrar
na cabeza o citolon

1406 / 148,21 RoiQuei [B1387/V996], v. 23:

«Qual **cha** fezer o compad[r]', outro tal
lhi faz: por ende seras vingado»

1420 / 75,10 JPrzAv/Lour [V1010], v. 20:

e ves, Lourenço, onde **cho** direi:
quita-te sempre do que teu non for!

1428 / 79,32 JSrzCoe [V1018], v. 7:

Assi **cho** dei, preitejado,
que m' ouvest' a escusar
da rua; ...

1432 / 79,47 JSrzCoe/88,12 [V1022], v. 2:

–Quen ama Deus, Lourenç', ama verdade,
e farei-**ch'** entender por que o digo: / ...

1435 / 79,35 JSrzCoe [V1025], vv. 6, 18, 31:

cata capelo
que ponhas sobr' elo,
ca mui mester **ch'** á
...
vejo-**ch'** as veiras
e non as carreiras,
po-las defender
...
e non **ch'** á mester
panos louçãos

1442 / 88,14 Lour/ RoEaRed [V1032], vv. 11, 28, 34:

ca nunca te vimos fazer cantar
que **ch'** eu queira nen no Demo dizer
...
non avera en teu cantar sabor
nen **cho** colherán en casa d'el-rei
...

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

e vejo-t' ora mui gran loador
de pouco sé[n], [e] non **cho** creerei

1445 / 88,7 Lour/ JvqzTal [V1035], v. 9:

–Lourenço, tu vees por aprender
de min, e eu non **cho** quero negar: / ...

1514 / 70,33 JGarGuilh [B1494/V1105], v. 31:

–Pois, Lourenço, cala-t' e calar-m'-ei
e toda via tigo mi-o averei,
e do meu filha quanto **chi** m' eu der

1629 / 2,14 AfEaCot? [B1617/V1150], v. 5:

ca **che** tapo eu d' esta minha
boca a ta boca, Marinha

A análise dos datos subministrados polo uso de *te* e *che* (e as súas variantes fonéticas) revela varios feitos claros:

1. A forma *te* presenta nunha serie de textos a dupla función de complemento directo e indirecto herdada da confluencia das funcións de TE e TIBI latinos; deste xeito podemos comprobar como nas cantigas 115, 371, 1176, 1310, 1420, 1513, 1514, 1515, 1670 e 1677 esta forma pronominal cumpre as dúas funcións sintácticas.

2. Xa se documenta con relativa abundancia a forma *che* como complemento indirecto, aínda que convive con *te*, coa mesma función, nas cantigas 443, 1353, 1383, 1420, 1442, 1445, 1514 e 1629.

3. A nacionalidade dos poetas, todos eles galegos e portugueses, non achega ningún dato relevante, por canto, para alén dalgunhas confluencias, *te* pode aparecer con función de O.I. en textos de autores galegos, igual que *che* se rexistra en textos de autores portugueses.

4. A cronoloxía, coa limitación dos datos de que dispomos, tanto polo coñecemento do marco temporal dos autores como pola limitada presenza de *te* / *che* nos textos (especialmente frecuente, obviamente, en tenzóns), tampouco deita ningunha luz nin indica ningunha especial preferencia, xa que *che* xa aparece desde a primeira xeración de trobadores (Fernan Paez de Tamalancos).

5. A forma *che* (ou *chi*) compórtase unicamente como complemento indirecto, sen que apareza absolutamente ningún indicio do seu uso como pronome de solidariedade, tal como aconteceu en galego moderno, onde cumpre estas dúas funcións⁷.

Con estes datos, debemos, xa que logo, revisar o texto da cantiga 1593 do trobador galego Afonso Eanes do Coton, onde, na nosa opinión, pola inexistencia da función de solidariedade de *che* no corpus trobadoresco e, perante a imposibilidade sintáctico-gramatical da aparición desta forma cunha forma verbal en segunda persoa (cf. «Mais onde resulta totalmente incompatíbel o dativo de solidariedade é na cláusula que leva en función

7. Na realidade, só se coñece unha documentación segura deste uso no período medieval, localizado na Crónica Xeral Galega: «et nõ lle façás nẽhũu mal, ca elles nõ **che** am y culpa nẽhũa» (cf. Varela Barreiro, 1997: 334).

nuclear do predicado un verbo en segunda persoa», Freixeiro Mato, 2006: 143), se debe seriamente considerar a presenza, máis unha vez, da confusión <ch>/<m> detectada, tal como expuxemos na primeira parte deste relatorio, nos copistas italianos. Deste xeito, no texto da cantiga rexístrase, máis unha vez, o pronome *me* como dativo de interese, forma e función absolutamente frecuente nos textos trobadorescos galego-portugueses (cf., por exemplo, *E tod' aquesto m' ant' eu entendia / que a visse*, 807.15; *mui ben m' es / en canços e cobras e serventés*, 1431.13 etc.).

Eis, pois, o texto da cantiga⁸:

Mari' Mateu, ir-me quer' eu d' aquen
 porque non poss' ùu cono baratar:
 alguen que mi-o daria non no ten,
 e algun que o ten non mi-o quer dar.
Mari' Mateu, Mari' Mateu,
tan desejosa m' es de cono com' eu!

E foi Deus ja de conos avondar
 aqui outros, que o non an mester,
 e ar feze-os muito desejar
 a min e ti, pero que m' es molher.
Mari' Mateu, [Mari' Mateu,
tan desejosa m' es de cono com' eu!]

Deste modo, a consideración do erro estudado neste relatorio para a edición da cantiga de Afonso Eanes do Coton devolve a coherencia lingüística a un texto importante, do punto de vista temático, no corpus trovadoresco profano galego-portugués, confirmando a serodia documentación medieval do pronome *che* en función de dativo de solidariedade, que, a teor dos datos coñecidos, se reduce a un único rexistro seguro no século XV.

BIBLIOGRAFÍA

- ARBOR ALDEA, Mariña, *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2001.
- BRAGA, Théóphilo (ed.), *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1878 [edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle].
- BREA, Mercedes (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, Lisboa, 1973.
- COHEN, Rip (ed.), *500 Cantigas d'Amigo*, Campo das Letras, Porto, 2003.

8. 1 Mari] Marl B; d' aquen] daq̄ V - 4 ten] rem B - 6 m' es] ches BV; cono com' eu] como cō eu B - 7 de] da V - 9 feze-os] fezes V; desejar] doseiar] V - 10 m' es] ches BV - 11 Mari] M~ia B, m~ia V.

ERROS DOS COPISTAS, LAPSOS DOS EDITORES

- FERREIRO, Manuel, *Gramática Histórica Galega*. Vol. I. *Fonética e Morfosintaxe*, Laivento, Santiago de Compostela, 1999 [4ª ed.].
- , Carlos P. Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña (eds.), *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, Universidade da Coruña, A Coruña, 2007.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, *Gramática da Lingua Galega*. Vol. II. *Morfosintaxe*, A Nosa Terra, Vigo, 1996 [2ª ed.].
- LOPES, Graça Videira, *Cantigas de Escárnio e Mardizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Estampa, Lisboa, 2002.
- GASPAR PORRAS, Silvia, *Libro dos Cantares de Afons'Eanes do Coton*, Concello de Negreira, Negreira, 1995.
- LAPA, Manuel Rodrigues, *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Galaxia, Vigo, 1970 [2ª ed.].
- MACHADO, José Pedro e Elsa Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brancuti*, Edição da *Revista de Portugal*, Lisboa, 1949-1964 [8 vols.].
- MONACI, Ernesto, *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*, Max Niemeyer Editores, Halle a. S., 1875.
- MONTERO SANTALLA, José-Martinho, *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Universidade da Coruña [Tese de doutoramento inédita], 2000.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- VARELA BARREIRO, Xavier, «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, ed. B. Fernández Salgado, Centro de Estudos Galegos, Oxford, 1997, pp. 319-342.

